



Concello de Vigo
Secretaría Goberno Local

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1215/1102

Antecedentes

Vista solicitude de acceso a información formulada en data 12.05.2022 por [REDACTED] na que interesa de copia íntegra do expediente administrativo 16022/411, incluídos os anexos documentais relativos á planimetría presentada ao longo da tramitación do expediente en formato pdf non editable.

En data 27.05.2022, a vista do informe da Xerencia Municipal de Urbanismo requiriuse á interesada escrito aclaratorio no que se concrete a petición de información remitidno i o índice do expediente en data 30.05.2022.

En data 27.05.2022 [REDACTED] solicita copia da seguinte documentación

1.- Documento denominado "Estudio de la situación derivada de la anulación del PXOM de Vigo por la Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 10.11.2015 en el Recurso de Casación no 11658/2014" de fecha abril 2017 y su complemento denominado "Complemento de Estudio previo de Ordenación provisional" de fecha mayo 2017.

2.- Todo lo actuado en el expediente desde la Resolución de la Concelleira de Urbanismo de fecha 21 de abril de 2017 acordando la tramitación de dicho estudio, hasta la aprobación inicial del documento en el pleno de 18 de julio de 2018.

Respecto a la planimetría de los distintos documentos o versiones del instrumento de ordenación que consten en el expediente, basta con que se remitan los planos en versión no editable (PDF) en los que conste la ordenación y gestión del suelo, asimilables a los planos de la carpeta 03 ORD del documento de revisión del PXOM aprobados el 26-08-2021.

3.- Oficios o documentos remitidos por esa Administración para recabar los distintos informes sectoriales y justificantes de su recepción en destino a lo largo de toda la tramitación del expediente.

4.- Informes sectoriales que se hubieran recibido en el expediente, incluyendo los que recibidos con posterioridad a la aprobación definitiva del IOP, como en el caso del informe de la Dirección General de Costas y del Mar de fecha 16 de enero de 2020.

5.- Informes de los servicios jurídicos y técnicos de la Gerencia de Urbanismo emitidos a lo largo de la tramitación del expediente, y en especial el siguiente informe de la arquitecta municipal del que no consta fecha de emisión:

6.- Los distintos documentos o versiones del IOP que se hayan presentado en el

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:16	Páxina 1 de 5
1215-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

expediente con posterioridad a la aprobación provisional, a fin de llevar a cabo las modificaciones derivadas de los distintos informes sectoriales recibidos y las alegaciones presentadas.

Por lo que respecta a la planimetría, basta con que se remitan los planos en versión no editable (PDF) en los que conste la ordenación y gestión del suelo, asimilables a los planos de la carpeta 03 ORD del documento de revisión del PXOM aprobados el 26-08-2021.

7.- Informes, propuestas o resoluciones dictadas por el Gerente de XMU o en su caso, funcionario encargado de la gestión del expediente a lo largo de la tramitación del mismo.

8.- Informe-propuesta de la Secretaria de Administración Municipal de fecha 17 de julio de julio de 2019 y

9.- Copia íntegra del documento de IOP aprobado en el pleno de 24 de julio de 2019 y que según la certificación obrante en la página web del Concello de Vigo

Por lo que respecta a la planimetría basta con que se remita la misma en formato no editable (PDF).

10.- Índice completo del expediente

En data 27.06.2022 e posterior dilixencia de data 28 e 30.06.2022 a Xerencia Municipal de Urbanismo informa a solicitude.

En data 1.07.2022 por Resolución da Concelleira delegada da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal admitiuse a solicitude formulada por D^a [REDACTED] e facilitar o acceso a información a través dos seguintes enlaces

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_1_EXPTE_ADMTVO.zip

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_2_PLANOS_ata_AI_V0.zip

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_2_PLANOS_ata_AI_V1.zip

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_2_PLANOS_ata_AI_V2.zip

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_2_PLANOS_ata_AI_V3.zip

http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_2_PLANOS_ata_AI_V4.zip

https://xmu.vigo.org/docs/IOP_20190724/IOPv5_navegable_s/index.htm

Dita resolución foi notificada en data 1.07.2022.

En data 13.07.2022 a técnica de administración xeral adscrito ao Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia (trámite 68) emite dilixencia na que fai constar " Pola presente ponse no seu coñecemento aos efectos procedentes que, con data 04.07.2022, o persoal da oficina administrativa comunicou que con esa mesma data, D^a.M.G.L. personouse nas

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:16	Páxina 2 de 5
1215-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dependencias municipais cunha copia dos seguintes documentos que lle foran notificados no expediente de referencia, relativos ao expediente administrativo 16022/411:

- O oficio asinado o 05.12.2017 pola vicepresidenta da XMU dirixido ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra con número de saída 23678-2014.
- O oficio do 23.05.2018 do xefe do servizo provincial de Costas de Pontevedra con número de Rexistro de Saída 99/13180. Solicitou o plano en formato papel referido nel.

Segundo relata o dito persoal, a solicitante reclamou a entrega inmediata da documentación que, segundo expuxo, non lle fora notificada, conformada polo informe da Dirección Xeral de Costas do 11.07.2006 emitido ao Plan xeral de ordenación municipal de 2008 (remitido xunto co oficio asinado o 05.12.2017 pola vicepresidenta da XMU) e o plano referido no oficio do 23.05.2018 do xefe do servizo provincial de Costas de Pontevedra.

Realizadas as comprobacións procedentes, resultou que, efectivamente, o plano citado no nomeado oficio do 23.05.2018 non se atopaba incorporado á documentación recompilada naligazón: http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/planeamiento/1215_1102_solic_copia_16022_411_1_EXPTE_ADMTVO.zip. debido a un erro no proceso de dixitalización realizado no seu día no servizo de Información e Rexistro, polo que xúntase coa presente dilixencia (1 A3) -únese na xestión de expedientes en trámite consecutivo-. Doutra banda, o informe da Dirección Xeral de Costas do 11.07.2006, emitido ao Plan xeral de ordenación municipal de 2008, tampouco se atopa na referida ligazón dado que se trata dun informe emitido no expediente de tramitación do coñecido como PXOM08 (exp. 7266/411), non constando incorporada copia ao expediente 16022/411. Non obstante, malia pertencer orixinalmente ao expediente daquel plan xeral, xúntase unha copia coa presente dilixencia (3 páxinas A4) -únese na xestión de expedientes en trámite consecutivo-. "

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:16	Páxina 3 de 5
1215-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Así mesmo en materia urbanística cabe sinalar o artigo 5.c) do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana todos os cidadáns teñen acceder á información da que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos na súa lexislación reguladora.

SEGUNDO.-Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

TERCEIRO.- A vista da dilixencia da técnica de administración adscrita ao Servizo de Xestión e Planeamento procede facilitar á solicitante á información complementaria que se concreta en: informe da Dirección Xeral de Costas do 11.07.2006 emitido ao Plan xeral de ordenación municipal de 2008 (trámite 69) e o plano referido no oficio do 23.05.2018 do xefe do servizo provincial de Costas de Pontevedra. (trámite 70)

CUARTO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Facilitar á dona [REDACTED] o informe da Dirección Xeral de Costas do 11.07.2006 emitido ao Plan xeral de ordenación municipal de 2008 (trámite

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:16	Páxina 4 de 5
1215-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

69) e o plano referido no oficio do 23.05.2018 do xefe do servizo provincial de Costas de Pontevedra (trámite 70).

SEGUNDO.-Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:16	Páxina 5 de 5
1215-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		